

### **Antes de ler:**

Que xogos populares coñeces ?

Xogaches alguna vez a eles, con quen e onde ?

A túa familia (avós ,país,mais...) falouche deles ? Xogaban a algún en concreto?

Se a última resposta é afirmativa ,faina por escrito

### **Os xogos de antes**

Xogabamos ás vacas, ás carreiras, a esvarar polas ladeiras das laxes sentados sobre pedras planas; xogabamos aos niños —coma paxaros en liberdade— imitando o seu canto...

Tamén á billarda —o vai, como lle chaman en Cambados—, un xogo con tantísima historia, practicamente medieval.

A primavera era a época do risco, unha variante da mariola que se debuxaba na terra riscando —de aí o seu nome—, ou ben na propia vía pública, pintando cun anaco de tella ou algo parecido.

A corda, tan socorrida, tan atlética e tan ximnástica, era daquela máis propia das rapazas. Elas eran auténticas virtuosas e podían sempre con nós. As bólas, unha paixón. Potencia e precisión dixital, moitas veces con caída da uña do polgar. O guá ,tan celebrado....

Xogos magníficos todos, no campo e ao aire libre, a nosa verdadeira liberación.

H. Barreiro Rodríguez: “Lembranzas de infancia na escola de Meilide”

Revista Galega do Ensino

### **Comprensión lectora:**

1.En que persoa está escrito o texto que vés de ler? Copia unha oración que xustifique a túa resposta.

2. O narrador é un home ou unha muller? De novo, xustifica a túa resposta.

3. Escribe os nomes dos xogos que, segundo o texto, se corresponden coas seguintes características:

De orixe moi antiga:

Propio das rapazas:

Variante da mariola:

Xogo de precisión:

4. Cal dos xogos anteriores se chama tamén estornela?

5. Dos xogos que se mencionan no texto, indica cales precisan dun obxecto para xogar e cales non.

6. E que obxectos son eses?

7. Busca información sobre algún destes xogos e explica en que consiste: a ra, os pelouros, os vinte, a chave, as tres en raía.

8. Fai un debuxo do xogo que máis che apeteza (nun patio, por exemplo)

Pódeche servir de axuda a páxina:

<http://www.xogospopulares.com>